



Orde do 3 de maio de 2017, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo (DOG do 18 de maio).

Novidades desta convocatoria

- **Axuda distinta para o alumnado que realiza a FCT fóra da comunidade autónoma.**
- **Axuda para o alumnado que realiza a FCT en países fóra da Unión Europea.**
- **Arquivo da documentación das axudas no centro educativo.**

1. Alumnado excluído

- Os que realicen a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus + KA102, Fundación Paidea, ou outra que financie totalmente o período de FCT non terá dereito á axuda polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT.

2. Prazos da convocatoria

- **Prazo de maio**, para o alumnado que realiza a FCT nos períodos outubro 2016-marzo 2017, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2017.



- **Prazo de outubro**, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2017.

Teñen que rematar a FCT **obrigatoriamente** antes do **31 de decembro de 2017**.

Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2017, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal.

3. Documentación

- **Arquivo da documentación**

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Declaración do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT (anexo II).
- c) Copia do DNI da persoa solicitante, se é o caso.
- f) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (Anexo IV).
- c) Certificación de realización das prácticas.

Toda esta documentación **quedarán archivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos**. Non se enviará ningunha documentación á dirección xeral.

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O **anexo III** (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitir por correo electrónico a fct@edu.xunta.es **antes de que remate o prazo de**



presentación de solicitudes. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado **informes/centro**.

Nota. Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>.

4. Datas principais

Publicación da convocatoria no DOG	18 de maio
Prazo de solicitudes	19 de maio ao 19 de xuño
Publicación no centro da listaxe provisional	20 de xuño
Prazo de reclamacións	20 de xuño ao 29 de xuño
Publicación no centro da listaxe definitiva	29 de xuño
Finalización das prácticas	29 de xuño ao 5 de xullo
Centros que non poidan finalizar o procedemento no prazo indicado por teren alumnado realizando a FCT en xullo e agosto con autorización da dirección xeral	Finalizarán cando rematen

5. Máis información

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, nos teléfonos 981 54 65 40/981 54 02 13 (Ana Cordo ou Carmen Rey).